

MEMORIA PROXECTO DE FOMENTO DO GALEGO

RESPECTA O MEU ESPAZO...



O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Emilia Pardo Bazán do curso 2018-2019 continuou co obxectivo de promover o coñecemento da nosa cultura e potenciar o uso da nosa lingua.

Xunto co Equipo de Extraescolares e contando coa colaboración de Biblioteca, TICS, Teatro e Horto do centro e en consonancia coas actividades programadas previamente no Proxecto Lingüístico de Centro e no Proxecto de Fomento do Uso do Galego (cadro-resumo de actividades) destacamos as seguintes:

Benvida.

Sesións de Lectura Silenciosa.

Saídas didácticas.

Carreira Solidaria.

Día da Ciencia en galego.

Difusión da música galega mediante a megafonía.

Violencia de Xénero.

Samaín.

Magosto.

Nadal.

Día da Ciencia en Galego.

Día da Paz.

Entroido.

Día do cancro infantil.

Os Maíos.

Grupo de teatro interaulas.

Exposición interclases de traballos ou contacontos.

Conmemoración do Día de Rosalía.

Certame Artístico-Literario.

Interpretación de Cancións Populares Galegas.

Colaboracións con outros centros na realización de distintas actividades.

Letras Galegas.

Horto Escolar.

Día do Libro.

Semana de Teatro no Colexio.

Revista "EPB".

Visualizar as actividades na páxina web do colexio.

Colaboracións con outros centros: IVXuntarte,...

Descrición das actividades realizadas: temporalización, participantes e resumo breve (pódese ampliar información nos enlaces que figuran nesta memoria ou ben na "Páxina Web do colexio", e demais material elaborado ao longo do curso).

✓ **Benvida para o primeiro día de clase.**

Para recibir ao alumnado de Infantil e de Primaria realizamos as seguintes actividades:

- Murais de recibimento en ambos edificios.
- Contacontos en Educación Infantil con Pablo Pablísimo "PAROLEIRO"
- Xogos e talleres para Educación Primaria (Robótica, xoga-tira, carreira tres patas, lecturas, brilé, taller trezado, xadrez, bicis, cadeiras con aros, photocall,...



✓ **Sesións de Lectura Silenciosa nas aulas e na Biblioteca.**

Participan mestres e alumnos. Continuouse coa sesión de 20 minutos tras o recreo de lectura silenciosa nas aulas, tal e como se iniciou en cursos pasados.



✓ **Saídas didácticas.**

Neste curso desenvolvéronse ao longo da xornada escolar tanto en Ed. Infantil como en Primaria. Cada ciclo programou as súas e, nalgúns casos,

coincidiron varios ciclos (concertos, saídas relacionadas con temas de interese didáctico,...).



Visita da Policía Local
ao noso centro



Rutas Urbanas María Pita
e Museo de Belas Artes



Visita ao Estadio
de Riazor



Proxecto Saboreando o mar de Galicia
"Visita a lonxa"



Visita aos Bombeiros



Saida Granxa O Ventoso e Aldea Nova (Alumnado de EI)



✓ **Carreira Solidaria: “A volta ao cole 2018”**

O 26 de outubro persoal non docente, pais e nais colaboradores e ANPA Milnen@s os mestres e alumnos de infantil e primaria do CEIP Emilia Pardo Bazán participamos nunha vez mais na andaina ao redor do recinto escolar en favor da investigación sobre a leucemia infantil. O alumnado de maior idade acompañou, vixiou e levou da man ao de menor idade. Isto é unha experiencia positiva de integración e axuda.





✓ Día da Ciencia en Galego.

Ao longo do 1º trimestre e con motivo da celebración do DÍA DA CIENCIA EN GALEGO convertémonos de novo en científicos e investigadores para editar o Libro Dixital: "O EMILIA CONSTRUINDO CIENCIA". Conscientes de que neste ámbito a diferenciación de xénero é moi evidente promovemos actividades deste tipo coa intención de educar en igualdade.

Nenas e nenos implicáronse na busca de información e materiais, investigaron, experimentaron... e chegaron a conclusións cada cal mais interesante!!! Cada aula realizou un experimento científico en galego, para posteriormente presentalo ao resto do colexio. Aquí temos o resultado do traballo!!!



- ✓ **Difusión de música galega mediante a megafonía e outras actividades.**

Aproveitamos que no noso colexio se pon música para indicar as entradas e saídas, para fomentar a música en lingua galega. Empregamos este recurso como unha forma de difusión da música popular galega e seguiremos en posteriores cursos traballando con este tipo de potenciación da nosa cultura musical, pois percibimos que pouco a pouco o alumnado vaise familiarizando coa canción que se lles pon durante un par de semanas.






✓ **Violencia de Xénero (25 de novembro).**

Aproveitamos esta data, [“Día Internacional contra a Violencia de Xénero”](#) para que na medida do posible, o alumnado tome conciencia deste erro e adecúe o seu comportamento habitual para erradicar esta lacra que produce un número moi elevado de mortes cada ano. O lema deste curso foi: *“Respecta o meu espazo: Este é o meu círculo”*. Realizouse a técnica do “torbellino de ideas” onde saíron os seguintes lemas: *“Non me agobies, Deixame respirar, Necesito o meu espazo, Non se entra con violencia no meu corazón, Respecta... non controles, o amor non lastima...”*





✓ **Celebración de festas e tradicións:**

A celebración de festas tradicionais galegas ou ben o dar a coñecelas forma parte das actividades que sempre o Equipo de Dinamización da Lingua Galega organizou. Durante este curso realizáronse as seguintes:

* **O Samaín:** Este curso escolar continuouse coa celebración do Samaín. Pedimos a colaboración voluntaria das familias para a decoración do colexio

facendo traballos con caixas ou outros materiais de refugallo. Dramatizouse a Santa Compañía nalgunhas aulas do Centro. E fíxose entrega a toda comunidade educativa do TRIPTICO SAMAIN 2018. O resultado sorprendeunos moi positivamente debido a numerosa participación.




* **O Magosto:** Celebrouse coas seguintes actividades:

- Decoración dos dous edificios axeitada a dita celebración.
- Elaboración de “pegatinas” para levar postas o día do Magosto toda a Comunidade Educativa.
- Asado e degustación de castañas por parte de toda a Comunidade.
- En El dramatizouse o conto “Corre, corre cabaciña”, tomamos as castañas e tivemos “festa rachada”.
- En EP degustamos as castañas e tivemos xogos populares.
- Traballamos nas aulas as cancións “Corre, corre cabaciña” e “O Samaín de Uxía Lambona e a Banda Molona. Estas cancións tamén se puxeron na megafonía do Cole.
- Creación de colares (na casa) de castañas, ZONCHOS e exposición dos mesmos. Tamén elaboramos unha orla para

agasallar ao alumnado co diploma para cada un dos participantes en agradecemento polo seu esforzo.

Con esta actividade tentamos non perder a tradición e involucrar ás familias.





* **O Nadal:** Esta festa organizada en colaboración co EACE, colaborou todo o equipo docente, o alumnado, ANPA e pais/nais do alumnado e persoal non docente... Houbo actuacións musicais e de dramatización, decoración das portas de tódalas aulas con motivos de Nadal, realización dun gran mural con forma de árbore en cada edificio con material de refugallo. E por suposto Nadal SOLIDARIO...





* **Día da Paz:** Celebrouse o día 30 coas seguintes actividades:

- Baile conxunto, Break Mixer.
- Cantamos todos xuntos a canción “Ven Conmigo” do disco Aire da autora María Fumasa.
- Cada aula de Primaria fará unha paxariña de papel para decorar os murais de Infantil e de Primaria. Tamén se poñerá unha frase alusiva á Paz. **“O futuro depende do que fagas hoxe”** Martin Luther King.



* **O Entroido:** O venres de Entroido realizouse o popular desfile cunha temática inspirada no Bicentenario do Museo do Prado. No desfile puidemos contemplar disfraces de pintores e de cadros...Posteriormente ao desfile fixemos unha degustación de produtos típicos desta festa que moi amablemente aportaron as familias coa axuda e colaboración da ANPA..

O día anterior tamén se celebrou en Educación Infantil o “Entroido Choqueiro”.



✓ Semana da Visibilización da Discapacidade.

Con motivo do día internacional das persoas con discapacidade celebrado o día 3 de decembro, decidiuse programar unha semana dedicada a sensibilización e concienciación das persoas con discapacidade. Nesta semana contamos coa colaboración de diferentes invitados de asociacións, que tiñan como obxectivo concienciar e sensibilizar sobre as dificultades ás que se ven expostos na nosa contorna as persoas con discapacidade, así como a modificación da visión negativa e estereotipada que se pode ter deste colectivo. [COGAMI](#) (confederación galega de persoas con discapacidade) e os Bolechas visitaron o noso colexio para continuar sensibilizándonos neste tema e presentarnos á Unidade Didáctica: "[Os Bolechas e a discapacidade](#)". Os nenos e as nenas de 1º e 2º de primaria participaron en obradoiros dende circuitos con obstáculos en cadeiras de rodas ata actividades cos ollos tapados para descubrir os obxectos polo tacto e polo olfacto e tamén facendo chapas e debuxos dos Bolechas.

**✓ Día do cancro infantil.**

Para conmemorar este día púxose na entrada do colexio un gran lazo dourado e o alumnado trouxo da súa casa lazos dourados incorporados nas

súas vestimentas. Nas aulas de El pintaron un lazo de papel de cor dourado que colocaron nas portas.

DÍA
INTERNACIONAL
CONTRA O CANCRO
INFANTIL



✓ **Día do Libro (23 de Abril).**

Durante a semana do libro, desenvolvemos distintas iniciativas, entre as que destacamos a exposición dos libros que marcaron aos mestres/as dalgún xeito, ben porque foron os seus preferidos cando tiñan a vosa idade ou porque tiveron moita importancia nalgún momento da súa vida.



✓ **Grupo de teatro interaulas.**

Continuamos empregando o teatro como ferramenta educativa integradora e creativa, coa que todos os alumnos se van familiarizando desde cativos.

A actividade teatral é constante nas nosas aulas : desde o recurso das lecturas dramatizadas para o traballo da expresión lingüística, ata a organización de representacións teatrais para o público máis achegado (compañeiros, amigos e familiares).

Neste último apartado, cabe destacar a continuidade das tres vías de expresión teatral:

1.- A obra *“Mañá os nenos”* representada en decembro polos artistas do grupo Bubelas (de 6º A).

2.- As obras de fin de curso:

- A colaboración do grupo Bubeliñas e o grupo Bubelas para representar o obra *“Amigos para sempre”*.

- A obra *“O Zampón”* dos actores de 5 anos C, *“A Galiña Cocorina”* dos alumnos de 5 anos B e *“Rimas Populares en Galego”* do alumnado de 5 anos A..

3.- E a obra coordinada polo grupo de teatro interaulas:

O día 11 de xuño representamos no AGORA a peza *“O Crebanoces”*. Durante este curso o equipo de teatro do colexio deu continuidade ao proxecto de teatro interaulas organizando a representación dunha nova adaptación do Crebanoces, obra xa escenificada hai algúns anos.

Nesta ocasión, desde o escenario participan máis de noventa nenos de entre 8 e 12 anos, o que nos permite ser fieis ao espírito inclusivo que guía este proxecto, ao tempo que traballamos as competencias comunicativas e artísticas, así como a responsabilidade, xunto coas habilidades sociais e de traballo en equipo.

Un ano máis, o proxecto pode levarse a cabo grazas á colaboración de toda a Comunidade Educativa (profesorado, familias e persoal non docente).



✓ **Exposición interclases de traballos ou conta contos.**

Tendo o galego como lingua vehicular, propónselle a todo o profesorado que aproveite a creación de contos ou outros traballos para expoñelos noutras clases, creando un clima de colaboración e relacións interclases ao mesmo tempo que as persoas que realizan a exposición ou conta contos traballan a competencia lingüística tanto no seu ámbito escrito como oral.



✓ **Organización de Certames Artístico Literarios.**

En coordinación co Equipo de Biblioteca Escolar e EACE, convocáronse distintos certames artístico-literarios, onde propoñendo un tema a tratar o alumnado participou debuxando, inventando e creando... Estes traballos foron utilizados para decorar o mural das Letras Galegas (mapas), [Concurso de Escritura Rápida](#), etc



✓ **Conmemoración do Día de Rosalía.**

- Con motivo do día de Rosalía de Castro (24 de febreiro) e en estreita colaboración co Equipo de Biblioteca Escolar, fixemos unha pequena **curtametraxe** con poemas da autora e mesmo creamos pequenos versos para darlle sentido ao noso "Rosco de Rosalía". Aquí temos o resultado...




- O luns día 25 de febreiro celebramos o "DÍA DE ROSALÍA" no noso centro coa presenza de todo o alumnado na sala de usos múltiples do edificio de infantil. Houbo lectura de poemas e contamos coa actuación estelar de ROSA CEDRÓN. Foi un acto moi bonito e emocionante, na **galería** e nos vídeos tedes unha mostra. NEGRA SOMBRA: <https://vimeo.com/321062786>.




✓ Cancións Populares Galegas.

Para levar a cabo este proxecto contamos coa colaboración dos Mestres de música e dos titores. Unha vez seleccionadas as pezas musicais, distribuíronse aos cursos para ser traballadas melódica e ritmicamente nas clases de música e a parte da letra na área de lingua galega. Ademais buscáronse interpretacións diversas para poñelas na megafonía do colexio para indicar as entradas e saídas, para que todo o alumnado se familiarice coas cancións. Mención especial foi a actuación de estelar de ROSA CEDRÓN.



✓ Patios Dinámicos.

Tras recibir a formación teórica requirida, puxemos a actividade en marcha a finais deste curso destinada ao [alumnado de EP](#).



✓ **Conmemoración da Semana das Letras Galegas.**


Este ano para conmemorar a celebración das **Letras Galegas 2019** dedicada a Antonio Fraguas Fraguas desenvólvese as seguintes actividades:

- Durante toda a semana traballáronse a súa vida e obra nas aulas: unidades didácticas impresas, lecturas, expresión plástica en murais, consulta e busca de información acerca da autora en libros e en páxinas web, descarga de materiais atopados,...



- Mural: Planificouse unha actividade conxunta para a decoración de ambos edificios que consistiu na realización de mapas de Galicia feitos polo alumnado e un gran debuxo de Antón Fraguas.

•



- **Letras Galegas.** Comezamos co desfile do “Maio” e as coplas elaboradas polo alumnado de 6º de EP. O baile correu a cargo dos alumnos de 4º e 6º de EP. Tamén se fixo entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Escritura Rápida. Foi un acto moi emocionante!



- Este ano quixemos remarcar a importancia de noso idioma galego e como agasallo repartimos entre toda a comunidade educativa un pequeno ramo de flores coa seguinte mensaxe: **“A nosa lingua sempreviva...”** e cunha frase de Antonio Fraguas Fraguas moi


significativa: **“Ser galeguista non é máis que ser amante da nosa terra”.**



- Por outra banda, publicouse a segunda edición da Revista dixital: [EPB 18/19](#). Que pretende ser unha escolma das actividades realizadas ao longo do actual curso escolar 2018-19. Un dos nosos obxectivos é fomentar a curiosidade polo coñecemento da nosa cultura e tradicións e aprender a valorar o lugar onde vivimos...



- Destacamos **O CONCURSO DE ESCRITURA RÁPIDA**. Cada participante elaborou un texto literario en lingua galega que contiña un fragmento da autora Fina Casalderrey, **Historia da bicicleta dun home lagarto**: *“De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente . . .”* Este fragmento elixido podía ser incluído ao principio, no medio ou final do texto. Na etapa de E. Infantil, en lugar de texto o alumnado fixo un debuxo alusivo ao fragmento ou que teña algunha relación con el. Os traballos foron realizados en todos os grupos no mesmo día e hora (luns 29 de abril de 12:00h a 13:00h). O profesorado de cada nivel seleccionou, nunha primeira fase, o mellor traballo de cada grupo e, nunha deliberación posterior, conxuntamente, o mellor traballo dese nivel. Os debuxos e relatos gañadores formaron parte dunha publicación que se fixo chegar a todas as aulas do Centro. As gañadoras e gañadores de cada nivel recibiron, ademais, diferentes agasallos, no transcurso dos actos de conmemoración do DÍA DAS LETRAS.



- Acto da firma de libros do **CONCURSO DE ESCRITURA RÁPIDA**.

Acto de Firma de Libros. O alumnado gañador e finalista dos relatos do concurso de escritura rápida, no recreo, asinou os libros que se editaron para posteriormente repartirse polas aulas, biblioteca, sala de profesorado,...



✓ Horto Escolar.

O EDLG, segue a colaborar co proxecto de Voz Natura potenciando o uso da lingua co equipo de Horto Escolar , non so no desenvolvemento do Proxecto de Voz Natura , senón na difusión da nosa cultura e tradicións mantendo a nosa lingua viva. Algunhas das actividades levadas acabo foron:

- Rótulos das zonas de cultivo
- Plantación de cereais co fin de chegar á produción de pan. Dando a coñecer ,deste xeito, os apeiros de labranza empregados no noso agro. Esta actividade non chegou ao produto final xa que os cereais sementados non medraron axeitadamente.
- Sementeiro de especies autóctonas
- Celebración conxunta do día do medio ambiente. Empregando como elemento motivador unha árbore da vida celta e o seu orixe..





✓ **Semana do teatro no colexio.**

Representáronse as seguintes obras:

- O grupo Bubeliñas e Bubelas estrearon a obra **“Amigos para sempre”** onde se fai un guino ao Plan Proxecta “O meu amigo maior” e o traballo que se fai en conxunto ao longo do curso. Tamén é unha despedida do alumnado de 6º EP e agradecemento aos anos pasados no Emilia.



O GRUPO BUBELAS e o grupo Bubeliñas están de estreo da súa obra **“AMIGOS PARA SEMPRE”**:
 Día: xoves 20
 Hora: 17.30
 Lugar: SUM do edificio de E. Primaria
 Estaremos encantados de compartir con todos e todas o noso traballo.

- O alumnado de 5 anos de Educación

Infantil representou para as familias e os seus compañeiros a obra **“O Zampón”** de 6º C, **“A galiña Cocorina”** de 6ºB e **Rimas Populares en Galego** de 6ºA.

- E a obra coordinada polo grupo de teatro interaulas **“Crebanoces”** que se representou, como xa dixemos, no AGORA. Acudindo todo o alumnado de primaria grazas á axuda e colaboración de todo o profesorado.

Esta é unha boa forma de dar a coñecer a todo o alumnado do centro que é o que fan os seus compañeiros, potenciando o uso da lingua galega oral dunha forma expresiva e lúdica.



✓ **Colaboración con outros centros .**

* Participamos **IV Certame “Xuntarte, xuntos pola arte”**

Continuando coa experiencia de cursos anteriores, o noso centro participou no IV certame de “Xuntarte, xuntos pola arte”, co gallo da conmemoración do Día Escolar da Non Violencia e a



Paz. Así, o día 1 de febreiro de 2019, no centro Ágora, reunímonos mestres/as, alumnos/as e familias de 8 centros públicos da cidade de A Coruña para facer unha exhibición de danzas e músicas de diferentes continentes e culturas. Os centros participantes foron: CEIP Alborada,

CEIP Emilia Pardo Bazán, CEIP Manuel Murguía, CEIP Nosa Señora do Rosario, CEIP Ramón de la Sagra, CEIP San Pedro de Visma, CEIP Zalaeta e CEIP Eusebio da Guarda, que actuou como organizador.

Cada centro participante interpretou unha danza ou canción. Os alumnos/as de 6º de Primaria do noso centro foron os encargados de representar “Si Si Kumbalé”, canción popular africana de sementeira. Trátase dunha danza ritual para a colleita: primeiro os



homes preparan a terra e despois as mulleres botan a semente e, entre todos, piden prosperidade e dan grazas á terra. Asemade representáronse 4 danzas comúns, con 3 parellas de alumnos/as de cada colexio (a representación do noso centro correu a cargo de 6 rapaces/as de 4º de Primaria) . [Galería de fotos](#).

Os obxectivos desta actividade son:

- Fomentar o traballo con compañeiros/as doutros cursos, de distintos centros e de distintas idades amosando actitudes de respecto, compañeirismo e axuda mutua.
- Desfrutar da actividade, tanto na preparación como no momento de expoñela ao público.
- Desfrutar da satisfacción do resultado positivo, logo dun esforzo común.
- Levar as situacións de aprendizaxe fóra das aulas, vendo a actividade como parte da nosa formación persoal ao introducirmos nunha situación nova e ser quen de desfrutala e facer que os outros tamén se sintan ben nela.
- Tentar que esta colaboración entre centros públicos continúe no tempo.
- Promover a colaboración con distintos centros públicos: IES Imaxe e Son.



* [XORNADA DE CONVIVENCIA](#), o alumnado do proxecto "O MEU AMIGO MAIOR" celebrou unha xornada de convivencia co alumnado do CEIP Plurilingüe San Marcos de Abegondo.



*TALLER DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA. O alumnado de sexto de primaria recibiu un taller de música tradicional galega impartido por Juan Carlos Rilo Fraga. O día do concerto foi moi emocionante e tivemos a oportunidade de achegarnos un cachiño a nosa tradición. [Acceder á galería.](#)



Ao longo do curso xurdiron **propostas de traballo que non estaban incluídas na programación inicial** e que por parte do EDLG nos pareceu interesante participar:

- Saídas didácticas.
- Plan Proxecta [“Saboreando o mar de Galicia”](#).
- [Patios Dinámicos](#).
- Día Internacional do Cancro Infantil.

Sen embargo, outras **actividades** previstas para este curso quedan **pendentes de rematar** e outras por falta de tempo **non se levaron a cabo**:

- *“Concurso gastronómico”*. Debido á acumulación de traballos nestas datas non se realizou o tradicional concurso gastronómico de receitas.
- Biblioteca Escolar. (Pendente de seguir actualizando os fondos da biblioteca para o vindeiro curso).
- Obradoiro de Oficios Galegos. (Non se puideron realizar todos os obradoiros que estaban programados por cuestións económicas e organizativas).
- Xornada de Portas Abertas do DO.
- Proxecto Lingüístico Europeo.

1. OBXECTIVOS

En liñas xerais, podemos dicir que o grao de consecución dos obxectivos propostos no Proxecto de Fomento do Uso do Galego elaborado neste curso foi satisfactorio, especialmente polo compromiso e a participación de toda a comunidade educativa: alumnos, mestres, familias e persoal non docente. A pesar, de que houbo actividades que non se lograron realizar por falta de tempo e outras que por cuestións organizativas, tecnolóxicas e de horarios non se desenvolveron como estaban previstas.

a) En canto á contorna:

Con actividades como o teatro interaulas, a colaboración con outros centros, a creación de colares de zonchos, o día da Ciencia en Galego, o Samaín, a publicación da revista “EPB”,... lógrase unha grande implicación dos diferentes integrantes da comunidade educativa, de forma que as actividades realizadas teñen unha maior visibilidade dentro e fóra do colexio.

Por outro lado, a difusión de música galega a través da megafonía e o emprego da lingua galega nas diferentes actividades organizadas axuda a concienciar á comunidade de que a nosa lingua é unha lingua viva e útil, contribuindo a eliminar estereotipos que aínda seguen existindo na nosa contorna.

b) En canto ao profesorado:

A lingua galega é a lingua vehicular empregada no colexio de forma xeral. A colaboración con outros equipos docentes, como son o de Actividades Extra Escolares e Complementarias, o da Biblioteca Escolar, o de TIC, o de Horto Escolar (Voz Natura) e os de diferentes niveis, fixo posible a organización de actividades que empregan o galego e promoven o coñecemento da nosa cultura.

c) En canto ao alumnado:

A maioría dos obxectivos están referidos aos alumnos para que melloren a súa competencia lingüística e coñezan máis sobre a nosa realidade.


Aínda que ditos obxectivos forman parte de materias curriculares, as actividades consideradas desde o Equipo de Dinamización Lingüística ao longo de todo o curso intentan conseguir que as rapazas e rapaces vexan a nosa lingua útil no día a día, podendo gozar co seu uso en diferentes contextos. E podemos afirmar que pouco a pouco imos vendo como a expresión oral da nosa lingua sae dunha forma máis fluída e espontánea (se ben seguimos a falar de alumnado español falante na súa maioría).

A conmemoración do día das Letras Galegas, o día de Rosalía de Castro, a Revista,... e a colaboración cos distintos equipos do colexio axudan a promover a nosa cultura e o coñecemento do medio que nos rodea.

d) En canto ao centro:

A avaliación continua de todas cantas actividades se realizan é un dos obxectivos que nos acompañou ao longo do curso e co que pretendemos seguir dando unha continuidade a aquelas actividades que nos permiten avanzar na consecución das nosas metas e cambiar aquelas outras que non saíron como nos gustaría.

Por outro lado a continuación do emprego do galego nas comunicación que o centro realiza é moi necesario para seguir conseguindo unha visión útil da nosa lingua, apartada de estereotipos que ás veces se seguen a dar dentro da contorna no que se sitúa o colexio.



A Coruña, a 24 de xuño de 2019

A Coordinadora do EDLG

Vº e Prace da Directora en
funcións

Asdo: M^a Isabel Rodríguez López.

Asdo: M^a Concepción García Diéguez

ANEXO IV

CADRO-RESUMO DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

CENTRO EDUCATIVO

NIF

CEIP Emilia Pardo Bazán

Q6555194G

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Mª CONCEPCIÓN

GARCIA

DIÉGUEZ

32424236D

EN CALIDADE DE

DIRECTORA EN FUNCIONS

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE	IMPORTE GASTADO	MATERIAL
Cando sexan ofertadas	Saídas didácticas, outras		
Todo o ano (Plurianual)	Uso do galego nas conversas		
Todo o curso (Plurianual)	Murais e carteis (Teatro, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,...)		Material de papelería variado: cartolinas, rotuladores, teas, ...
Ao longo do curso	Música en galego na megafonía (Entradas-Saídas e outras actividades do Centro)		CDS, MP3 ou USB
Setembro	Actividades inicio do curso		Fotocopias, material de EF, papelería,...
Ao longo do curso	Información ao profesorado (certames, novas,...)		Fotocopias
Ao longo do curso	Programas Formativos: Educ. Responsable, Plan Proxecta,...		
Ao longo do curso	Información de cursos, novas, páxinas web, bibliografía,...		Fotocopias
Todo o curso	Festas e tradicións (Nadal, Magosto, Samaín,...)		Material de papelería variado, vestiario, CDS, Tinta cor, Impresións

Ao longo do curso	Colaboracións varias (Conservatorio Superior de Música, Escola de Imaxe e Son,...)		Agasallos e papelería variada
Todo o curso	Grupos de teatro interaulas		Decoración dos escenarios, vestiario,...
Todo o curso	Exposicións orais interclases e intercentros		
2º Trimestre	Concertos didácticos		
Ao longo do curso	Biblioteca dos Rosales		
2º Trimestre	Biblioteca: Obradoiro		
2º Trimestre	Plan Director: Acoso Escolar		
2º Trimestre	Teatro Parque Europa (Manawee)		
1º Trimestre	Programa Educasaúde		
Ao longo do curso	Programa Natura		
3º Trimestre	Consorcio das Mariñas		
Ao longo do curso	Programa Rutas Urbanas (Parque de Santa Margarita, María Pita, Xardíns de Méndez Núñez, Xardíns San Carlos,...)		
Todo o curso	Encontros con autores galegos		Fotocopias
Ao longo do curso	Programa "Todo Público"		
Ao longo do curso	Prog. Municipal Visitas Escolares: Bonilla, Bombeiros, Museo de Belas Artes,...		
Ao longo do curso	Programas Municipais de Medio Ambiente: A ruta da auga Residuos Urbanos		
1º Trimestre	Obradoiros no Museo da Ciencia e Tecnoloxía		
Ao longo do curso	Visita as cocheiras da Compañía de Tranvías		
Ao longo do curso	A prensa na Escola		
Ao longo do curso	Obradoiros de "Genius.org"		
Ao longo do curso	Plan Proxecta: "O meu amigo maior", "Saboreando o mar de Galicia"		Material Escolar
3º Trimestre	Saídas de Fin de Curso		
3º Trimestre	Despedida alumnado de 6ºEP		
2º Trimestre	Día de Rosalía		Papelería en xeral, impresións,...
1º Trimestre	Día da Ciencia en Galego		Material variado
3º Trimestre	Certame Artístico-Literario		Material variado de papelería
3º Trimestre	Semana das Letras Galegas	442€	Papelería, imprenta, florería...
3º Trimestre	Semana do Teatro no Colexio		
Todo o curso	Horto Escolar		Material de carpintaría e papelería
Ao longo do curso	Xogos populares		
Ao longo do curso	Bailes típicos do folclore "Obradoiro de Danza"		
2º trimestre	Xuntarte: "Xuntos pola Arte"		

2º Trimestre	Entroido		Papelería en xeral
Todo o curso (Plurianual)	ABALAR- EDIXGAL		
Todo o curso (Plurianual)	Actualizar páxina web do colexio e Blogs		
Todo o curso	Elaboración de blogs, presentacións de PowerPoint, actividades para EDI,...		
1º Trimestre	Curso de Primeiros Auxilios (Plan de Autoprotección)		
Todo o curso (Plurianual)	Revisar fondos Biblioteca Escolar		
1º Trimestre	IV "VOLTA AO COLE"		
Todo o curso	Cancións populares galegas		Detalle pola colaboración, folios,...
Ao longo do curso	Exposicións interclases de traballos ou contacontos		
2º Trimestre	Día da Paz		
1º Trimestre	Día da Violencia de Xénero		
3º Trimestre	Os Maios		
3º Trimestre	Patios Dinámicos		Materiais varios
Ao longo do curso (Plurianual)	Visibilización da Discapacidade		
3º Trimestre	Actividades fin de curso		
Ao longo do curso (Plurianual)	Introdución a Robótica en EP		
Ao longo do curso (Plurianual)	Conmemoracións de Obrigado Cumprimento		Materiais varios
Ao longo do curso (Plurianual)	Sesións de Lectura Silenciosa		

A Coruña, a 24 de xuño de 2019



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

A directora en funcións,

Asdo.: Mª Concepción García Diéguez